

**PASANDO PÁXINA
GUÍA DE LECTURA.
CURSO 21-22.**



***Novo espazo de biblioteca
argallado e creado polo
alumnado e profesorado
colaborador da biblioteca.**



**VERBAS DE
NADAL NO
IES DE CARRAL.**

VERBAS DA NOSA TRADICIÓN ORAL, PARA ESCOITAR, CANTAR E BAILAR.

"Maruxa das Cortellas" tocadora do pandeiro.... de Xulia Feixoo. Libro con CD.

Foi a única muller da súa xeración que tivo interese en aprender a tocar o pandeiro ao xeito das antigas da aldea. De non ser por ela, esta tradición non tería chegado ata nós.

"Mulleres de Gargamala" de Xulia Feixoo e Gullerme Ignacio. Libro con CD.

Este libro contén fotografías a cor, textos para entender o contexto no que se desenvolven estas prácticas musicais, partituras e un CD con pezas de diferentes arquivos sonoros e gravacións novas feitas á última xeración de cantadeiras de Gargamala.




"Bailabén" de de Edith Cotilla Quintela e Gustavo Couto Rodríguez. Libro con DVD.

Neste libro e no DVD que o acompaña atoparedes indicacións e descricións dos movementos de xota e muiñeira reforzadas con fotografías, así como un documento audiovisual de máis dunha hora de duración para afeccionados e ensinantes do baile tradicional.

VERBAS CHEAS DE MULLERES.

"Valerosas" mulleres que fan o que elas queren, de Penélope Bageu.



Retrato de quince mulleres que saltaron os prexuízos sociais da súa época para saír adiante e loitar polos seus soños.

"Las chicas son de Ciencias" de Irene Cívico e Sergio Parra.

Este libro comeza no século IV a.C. e de forma cronolóxica iremos descubriendo 25 mulleres que se dedicaron ao mundo da ciencia nun momento no que o acceso a esta disciplina non era doado para elas.

Dende Agnodice (a primeira médica coñecida da historia) ata Rosalind Franklin (a química que descubriu a estrutura do ADN) pasando por Vera Rubin (a astrónoma que viu o que ninguén tiña visto) as mulleres foron pioneiras nas ciencias dende o inicio dos tempos.



"Feminismo Ilustrado" de María Murnau.

A través do humor e de explicativas ilustracións este libro explica ata onde chega o patriarcado no día a día, aclara conceptos da loita feminista e invita a detectar machismos e a previlos.



VERBAS EN BANDA DESEÑADA.



"O pacto do letargo" de Miguelanxo Prado

O Pacto do Letargo é unha intriga que mestura crítica social, ecoloxismo e fantasía.



"Dúas moedas" de Núria Tamarit.

Cóntanos a historia de Mar, unha adolescente que viaxa a Senegal coa súa nai, unha cooperante que lidera a construción dunha biblioteca e unha emisora de radio na rexión. Con 17 anos Mar deberá aprender novos costumes, unha maneira distinta de ver a vida e a loitar cos seus propios prexuízos.



"Haikyo" Haruichi Furudate.

Para os que gozan co manga.

"Introducción á economía en banda deseñada" de Grady Klein e Yoram Bauman.

Un cómic no que os autores intentan que a microeconomía sexa máis dixeríbel, explicable e divertida.



"Crea tu propio cómic" de Papaterie Bleu.

Un libro excelente para todos aqueles que queiran plasmar as súas ideas e creatividade en papel e crear o seu propio cómic.

VERBAS NA REDE.

(PREMEDE NAS IMAXES PARA ACCEDER AOS RECURSOS)



"Galiciale"

Biblioteca virtual da Rede de Bibliotecas de Galicia.

Ofrécenos moitas posibilidades de préstamos de recursos en rede para todos os públicos en galego e castelán: libros de diferentes temáticas, audiolibros, revistas, películas.....

Non esquezades pasar pola biblioteca municipal para solicitar a voso usuario e contrasinal.

<https://www.galiciale.gal/>



"Galicia Encantada"


Web na que podemos atopar unha sección de literatura de tradición oral con documentos audiovisuais de contos, adiviñas, refráns, alalás, coplas e regueifas, teatro.....

<https://galiciaencantada.com/lenda.asp?cat=29&id=1608>

"Dixit" e Aulas Galegas.

Neste enlace Aulas Galegas inclúe un xogo interactivo no que as verbas son as protagonistas. Por quendas, os xogadores están na obriga de crear breves enunciados ou títulos a partir das imaxes das cartas e os demais deben xogar a adiviñar a carta que corresponde a cada unha das oracións. Un xogo de lingua oral sinxelo, creativo e dinámico ideal para voar coa imaxinación e xogar coa linguaxe.

<https://aulasgalegas.org/2020/04/29/xogos-de-mesa-para-o-confinamento-dixit/>



"TV5 MONDE PLUS"

Podemos acceder ao "Netflix gratuito en francés" e así escoitar as verbas dos nosos veciños franceses.

<https://www.tv5mondeplus.com/>




VERBAS PARA TARDES DE ORBALLO.



"Golpes de luz" de Leticia Costas.

A nova novela de Leticia cóntanos a vida e segredos de tres xeracións na Galicia rural.



"El destino inevitable de Arlene Revetrute" de Javi Araguz.

Unha novela de aventuras, amor e viaxes no tempo.




"El lector de Julio Verne" de Almudena Grandes.

Un relato que nos sumerxe na vida e costumes da época de posguerra.



"Cuñados."

Neste film Eduardo e Sabonis (Miguel de Lira e Touriñán) secuestran ao cuñado de Alicia Zamora, empresaria que os enganou, para pedir un rescate por el. Pero Alicia non está disposta a soltar nin un euro para liberar ao seu cuñado.



"Algúns contos completos" de Domingo Villar.


Unha recolleita de contos da autoría de Domingo Villar aos que acompañan uns preciosos linogravados de Carlos Baonza.



"El primer concurso de belleza" de Víctor Enríquez Gago.


Un mito que pon en valor a importancia da familia, o respecto polas opinións dos outros e a igualdade de xénero.

VERBAS CHEAS DE SENTIMENTOS.



"Diferente" de Eloy Moreno.

Un libro "diferente" no que o autor nos fala da "diferenza" e da "normalidade" dunha maneira que pode ser que non agardemos.



"La fuerza de las emociones" de Crustophe André e François Lelord.

Os autores céntranse en explicar como manter o control sobre as nosas emocións, como comprender mellor as dos demais sen prexudicar as propias, que é a empatía, como nos enfrontamos coa tristura, coa vergoña, coa rabia, coa envexa, cos celos, co medo, coa alegría, co amor..

"El Quicio" de Elisa Victoria.

Aos trece anos todas as opcións son malas, ou iso cre a protagonista desta historia que vive as dúbidas que xorden na preadolescencia. Un retrato de como medramos a incompreensión e eses momentos decisivos que marcarán a nosa personalidade.



VERBAS PARA FEDELLAR EN FAMILIA.



"fotografía fácil" guía de usuario de Jorge Pozuelo.

Unha guía que nos axudará a sacar o maior rendemento ás nosas fotografías.



"El gran libro del origami" de Sakura Takahashi.

Adentrámonos na arte de crear figuras con papel de menor a maior dificultade.

"Doces e lambetadas" receitas con historia de Matilde Felpeto Lagoa.

Este é un libro para ler, para aprender a elaborar doces e lambetadas e para gozar da cociña con todos os sentidos.



"Robotmanía" todo o que tes que saber para fabricar o teu propio robot de Raúl Lapeira e Andreu Marsal.

Coñece ben os robots, como funcionan e o seu manexo. Acomódate na túa cadeira de brazos favorita e comeza a crear o teu propio robot.....verás que sinxelo.



"Scratch" para nenos e non tan nenos....de Sergio Garrido Barrientos.

Un libro que aborda a linguaxe de programación adaptada a todas e todos. A través de divertidas personaxes melloraremos o pensamento lóxico e a creatividade chegando a crear dende o videoxogo máis sinxelo ata os máis complicados.



VERBAS PARA LECTORES AVANZADOS.


"De ninguna parte" de Julia Navarro.

Julia Navarro preséntanos unha historia na que se adentra no terrorismo islámico e na súa ideoloxía que ten un papel fundamental. As personaxes enfróntanse a situacións extremas e non desexadas nas que teñen que elixir entre o que queren facer e o que deben facer.



"Virtudes (e misterios)" de Xesús Fraga.

Un relato enmarcado nas Mariñas Coruñesas no que o autor intenta retratar a emigración dende o punto de vista dos retornados. A historia dos que marchan e que, cando regresan, nin eles son os mesmos nin a terra que deixaron é a mesma.



"Los vencejos" de fernando Aramburu.

A través de temas de recente actualidade o autor desvela unha realidade desagradable da que quere fuxir no prazo dun ano. Pero neste contexto a novela acaba converténdose nunha celebración da vida que nos brinda momentos impagables.

VERBAS DE AGRADECEMENTO.

- Ao alumnado e profesorado colaborador coa biblioteca do centro.
- Aos equipos docentes do centro: Biblioteca, Tics Extraescolares e Normalización lingüística.
- Aos pais participantes no clube de lectura de adultos "pasando páxina".

BO NADAL!

